

# Entidades culturais

## CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA



O curso académico 2000-2001 do Conservatorio Municipal de Música de grao elemental, previa xuntanza o 22 de setembro da dirección e do profesorado cos pais dos alumnos, da comenzo o día 4 de outubro do 2000 nas novas instalacións do Conservatorio ubicadas no axeitado e funcional Centro Cultural San Francisco.

O número de alumnos matriculados, incluíndo Iniciación a Música, é de 107 correspondentes ós cursos seguintes:

Iniciación á Música .....	20
1º Logse .....	24
2º Logse .....	18
3º Logse .....	21
4º Logse .....	24

As materias regladas de grao elemental que se imparte son:

Linguaxe musical ..... (1º, 2º, 3º e 4º)

Música activa ..... (1º)

Coro ..... (2º e 3º)

Audicións comentadas (4º)

Especialidades instrumentáis:

Vento-madeira ..... clarinete, flauta traveseira, oboe e saxofón

Vento-metal ..... trombón, trompa, trompeta e tuba

Gorda ..... contrabaixo, violín e violoncello

Guitarra e mandolina

Percusión

Piano

Sete profesores, co aval que lles proporciona o bon traballo realizado e os excelentes resultados acadados nos últimos anos, transmitirán os seus

coñecementos a todo o alumnado.

O 25 de novembro de 2000, por mor do concerto da Ilusión, fan a aúa presentación na Banda Municipal 4 alumnos do Conservatorio nas especialidades de clarinete, trompa e trompeta.

En xuño de 2000 superan a proba de acceso ó grao medio no Conservatorio de A Coruña, 5 alumnos nas especialidades de clarinete, flauta traveseira, guitarra e trompeta.

Entre as actividades musicáis de maior relevancia desenroladas durante o curso 2000-2001, cabe destacar:

O 31 de decembro do 2000 celébrase o concerto de Nadal protagonizado polos alumnos de coro e a Banda Municipal de Música na Igrexa de San Francisco con un total abarrote de público e asistencia das Autoridades Municipáis. E de agradecer o apoio e recoñecemento que coa súa presenza nos transmiten tanto ó público con unha masiva asistencia como as primeiras autoridades muy sensibilizadas con esta laboura.

Do 9 ó 12 de novembro do 2000 ten lugar na Aula municipal de Cultura un curso de clarinete a cargo do profesor o concertista francés de renombre internacional GUY DEPLUS. Asistiron un total de 33 alumnos do noso e doutros Conservatorios e Bandas de Música.

Do 27 ó 29 de abril do 2001 nas instalacións do Conservatorio levase a cabo un curso de tuba, bombardino e trompeta a cargo dos profesores VICENTE CASTELLÓ GARCIA -tuba solista da Banda Sinfónica Municipal de Madrid-; ALBERTO PONS PASTOR -bombardino solista da Banda Sinfónica de Madrid-, e

ARTURO GARCIA ESPINOS -trompeta solista da Orquesta de Córdoba. Asistiron xunto con 14 alumnos do noso Conservatorio un total de 25.

O 16 de xuño do 2001 na Aula municipal de Cultura celébrase o concerto-clausura do curso 2000-2001 no que interveñen gran número de alumnos nas diversas especialidades. Asisten as primeiras Autoridades Municipais e unha vez máis quédase pequeno o recinto ante a numerosa afluencia de público polo que resulta imprescindible, urxente e de primeira necesidade a creación dun auditorio acorde coas demandas musicais que temos na actualidade.

*Pedro Ignacio Noya López (Director)*

---

#### AGRUPACION MUSICAL DE PULSO Y PÚA «CARLOS SEIJO»

---

Actuación el día 7 de enero en la Residencia Garcia Hermanos de nuestra ciudad dentro de las actividades navideñas programadas por el Ayuntamiento.

Realización de un viaje los días 3 y 4 de marzo por el llamado «Camiño Norte» del Camino de Santiago a Ribadeo y Mondoñedo, haciendo noche en el albergue de Lourenzá, enmarcado dentro del programa «Ven ó Camiño», promovido por la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia.

Actuación el día 6 de mayo en el Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, invitados por la Escuela de música Presto Vivace.

Actuación el día 22 de julio en Ourense dentro del primer Certamen Internacional de Rondallas y Corales Fiestas de Santiago Apóstol, en el que obtuvimos el primer premio en el apartado de Rondallas.

El día 4 de agosto celebramos una comida campestre de confraternidad entre componentes de la Agrupación y familiares, que esperamos seguir celebrando en años sucesivos.

El día 13 de agosto tomamos parte, con nuevos uniformes, en el Concierto Cidade de Betanzos, como apertura de las fiestas patronales, junto a la Coral Polifónica de Betanzos y a la Banda Municipal.

El día 18 de Noviembre, participamos en un concierto conjuntamente con otras tres Agrupaciones en el Fórum Metropolitano de A Coruña, organizado por la Sociedad Recreariva «TANXEDOIRA».

---

#### ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE DE BETANZOS

---

A Escola de Folclore do Concello de Betanzos, como entidade municipal é pública, desenrola a súa labor dende o ano 1994, aínda que xa funcionaba con outra denominación e funcións dentro das Escolas Deportivas Municipais dende o 1986.

E así, que dentro dela funcionan grupos de aprendizaxe de bailes tradicionais, gaita, tamboril e pandeireteiras-cantareiras. Aparte da actividade docente, e como mostra e estímulo para os seus membros a Escola durante o ano realiza actuacións e participacións en certámenes varios, tanto como tal Escola, cos seus diferentes grupos correspondentes as actividades que nela se desenrolan, como mediante o Grupo Azougue. Tamén organiza outras actividades, e un resumen de todo o feito no ano, de forma breve é o que sigue:

#### XANEIRO

Día 5.- Participación na Cabalgata de Reis de Betanzos dos diferentes grupos da Escola.

#### ABRIL

Día 8.- Participación na II Feira do Queixo de Betanzos, do Grupo Azougue.

Día 15.- Participación no II Concurso de Música Tradicional organizado pola Asociación Xuvenil Xiradela de Arteixo, no apartado de cuartetos de gaita.

Día 29.- Participación no Concurso de Música Tradicional e Pandeiretas, organizado pola Agrupación Folclórica Xalgarete de Vigo, de grupos de música e pandeiretas da Escola no seu conxunto.

#### MAYO

Día 1.- Participación de diversos grupos da Escola, no Día da Muíneira de Cee.

Día 6.- Actuación na Festa do Viño de Betanzos do Grupo Azougue e a Escola Municipal de Betanzos con varios grupos de baile.

Día 26.- Participación dos diferentes grupos da Escola, no XXII Concurso de baile tradicional organizado pola Asociación Xuvenil Xacarandaina da Coruña, celebrado no Teatro Colón.

#### XUÑO

Día 10.- Actuación de todos os grupos, tanto de baile como de música como de pandeiretas,



da Escola, incluído o Grupo Azougue, na clausura do curso da Escola, que se celebrou no salón de actos da Aula Municipal de Cultura do Concello de Betanzos.

XULLO

Día 7.- Actuación do Grupo Azougue na IV Feira Franca Medieval de Betanzos.

Día 21.- Actuación na Feira de Muestras de Paderne do Grupo Azougue.

Día 24.- Organización do Festival Internacional de Folclore «Cidade dos Cabaleiros» con motivo do día de Galicia, e coa participación de grupos de Turquía, Portugal, Hungría e Galicia.

Día 28.- Convivencia e actuación do Grupo Azougue cos participantes no programa «Cabalgando pola natureza», no Campamento Xuvenil de Furelos (Melide) dependente da Xunta de Galicia.

AGOSTO

Días 14, 15 e 16.- Participación da Escola Municipal de Folclore e dos Grupo Azougue nas Festas Patronais de Betanzos «San Roque 2001».

Día 19.- Actuación do Grupo Azougue nas Festas de Bergondo.

SETEMBRO

Días 8 e 9.- Participación do Grupo Azougue

no Festival Folclórico de Vila Praia de Áncora en Portugal.

OUTUBRO

Día 12.- Actuación del Grupo de Gaitas Azougue nas festas do Pilar en Betanzos.

*Elena Díaz Blanco (Directora)*

---

## CRUZ ROJA DE BETANZOS

### I. INTERVENCIÓN SOCIAL

---

A atención ós colectivos mais vulnerables, a promoción do benestar das persoas, de xeito individual e comunitario, son obxectivos deste programa.

En total foron beneficiarios 282 persoas, coa intervención de 27 voluntarios.

No programa «Alimentos para a solidariedade» repartíronse 10.766 kilogramos de alimentos procedentes dos excedentes alimentarios da Unión Europea entre 238 persoas con dificultades económicas do Concello de Betanzos, coa colaboración de 10 voluntarios. Este programa desenvólvese tamén noutros Concellos da comarca atendido polos servizos sociais municipais.

Atendéronse no servizo de axuda a domicilio complementaria 6 usuarios, participando 7 voluntarios.

Mediante o programa de Axudas técnicas recibíronse 8 solicitudes que foron xestionadas ante a Asemblea Provincial.

En colaboración con Cruz Vermella Xuventude desenvolveuse o programa de apoio socioeducativo á infancia no que participaron 30 usuarios e 10 voluntarios.

Todas estes programas teñen unha duración anual e están coordinados por unha traballadora social contratada a tempo parcial.

## II. SOCORROS E EMERXENCIAS

Programa dirixido á cidadanía en xeral, é unha actividade clásica da Cruz Vermella. No ano 2001 prestáronse 269 servicios entre transporte urxente e servicios preventivos.

Transporte sanitario urxente: é o programa que mais asistencia prestou. A maior parte dos traslados foron debidos a urxencias por enfermidade e accidentados de tráfico, ata un total de 253.

Servicios preventivos terrestres: Cruz Vermella realizou un total de 16 servicios en concentracións de persoas (acontecimientos deportivos, culturais, festivos,...). Os voluntarios están presentes para atender as posibles necesidades de socorro e transporte que poidan aparecer.

Recursos humanos e materiais:

A Asemblea Comarcal dispuxo de dúas ambulancias, con base en Betanzos, para atender unha extensión xeográfica de 962 km<sup>2</sup> cunha poboación aproximada de case 61.000 habitantes. En total foron 14.100 kilómetros percorridos por ámbalas dúas ambulancias.

Este servicio foi atendido por 25 voluntarios e voluntarias.

## III. XUVENTUDE

Cruz Vermella Xuventude desenvolveu ó longo do ano diversas actuacións centradas fundamentalmente en tres aspectos: infancia e xuventude, campañas de sensibilización e talleres lúdico-educativos.

Ademais Cruz Vermella Xuventude de Betanzos está especialmente vencellada coa cooperación internacional sendo a única asemblea da comunidade autónoma, xunto con outras cinco a nivel nacional, que ten en marcha o proxecto de Educación para o desenvolvemento, en colaboración co Instituto de Educación Secundaria «As Mariñas» de Betanzos.

Participouse na campaña nacional de «Escolas pontes de solidariedade» recollendo material escolar destinado a El Salvador en colaboración co CEIP «Vales Villamarín» de Betanzos no que participaron 126 escolares e 5 voluntarios.

No ámbito da saúde participouse na VIII Semana da saúde de Curtis celebrada no IES de Curtis e na que participaron 200 nenos e 1 voluntaria.

Igualmente no CEIP «Virxe da Cela» de Monfero 1 voluntaria impartiu un taller de saúde destinado a 120 alumnos.

A celebración do Día Mundial da SIDA tivo lugar no IES «As Mariñas» no que 3 voluntarios sensibilizaron a 70 escolares acerca desta problemática.

No apartado da formación, participación de un voluntario no Curso de Educación para a Saúde organizado pola Oficina Provincial de A Coruña.

Por noveno ano consecutivo no mes de Nadal desenvolveuse a campaña de Recollida de Xoguetes baixo o lema «Agasalla cun mundo mellor» recolléndose 365 xoguetes novos. Repartíronse entre 80 nenos de Aranga, Betanzos, Cesuras, Irixoa e Monfero coa colaboración de 12 voluntarios.

En colaboración co Departamento de Servicios Sociais, 5 voluntarios participan no proxecto de apoio socioeducativo á infancia.

Na III Feira Franca Medieval 5 voluntarios estiveron encargados da dinamización de 35 nenos mediante a realización de xogos tradicionais.

Celebrouse un curso de Formación Básica en Xuventude no que participaron 8 voluntarios.

Os voluntarios implicáronse na vida asociativa a nivel provincial participando en tódolos consellos provinciais sendo a voluntaria Almudena Fernández González unha vicedirección no Comité Provincial. No mes de Novembro o Consello Provincial reuniuse en Betanzos de acordo co turno rotatorio establecido.

## IV. FORMACIÓN

Curso de transporte sanitario, destinado a voluntarios da Institución celebrado en Marzo de 40 horas de duración e con unha participación de 12 persoas.

Curso de formación básica institucional, celebrado en Maio con unha duración de 8 horas e a participación de 8 voluntarios.

#### V. COMITÉ LOCAL E EQUIPO DIRECTIVO

Presidente, Juan Suárez Barros; Secretario, Manuel Calaza Fernández; Vocais, Marcelino Álvarez López, Antonio Barros Seijo, Luis Sevilla García; Coordinadora: Mercedes Casanova Díaz; Directora Cruz Vermella Xuventude, María Sánchez Pena; Departamento de Intervención Social, Alma Garabana López (Traballadora Social); Responsable Departamento de Socorros e Emerxencias, Silvestre Seoane Viqueira; Responsable departamento de Obxección, Joaquín Garma Castro.

*Cruz Roja de Betanzos*

---

#### CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

---

EL año 2001 fue para la Coral importante, no sólo por la excelente armonía que reinó entre sus componentes, sino también por las actividades que se llevaron a cabo y que fueron muy del gusto de Socios y demás personas que participaron en ellas.

En el mes de enero y en Asamblea General Extraordinaria, se trata la situación económica de la Sociedad; y en Asamblea General Ordinaria, se hace una exposición de la actividad del ejercicio anterior y se procede a la elección de Presidente. Salió elegido para el cargo Manuel López Castro y la Junta Directiva quedó constituida de la manera siguiente: Presidente, Manuel López Castro; Vicepresidenta, Mercedes Vales Castro; Secretaria, Ángela Noguero Seoane; Tesorera, María Cabanas Balado y vocales: M<sup>a</sup> del Carmen Álvarez Alonso, Ángel Fernández García, Lucita González Suárez y José Manuel Pandelo Fuentes. En el mes de junio se realizó otra Asamblea General Extraordinaria en la que se aprobó una nueva organización y redacción de los Estatutos.

#### ACTIVIDADES REALIZADAS POR ORDEN CRONOLÓGICO

14 de enero: Actuación de la Coral en la Residencia de Ancianos de Betanzos.

2 al 12 de marzo: Exposición de porcelana Lladró, realizada por Joyería Daniel de Betanzos

en la Sala de Exposiciones del Liceo, con motivo del 32 aniversario de la Coral

3 de marzo: Los componentes de la Coral celebran el aniversario y la fiesta de Carnaval.

10 de marzo: Concierto conmemorativo del 32 aniversario en la Iglesia de San Francisco, con la participación de la Coral Polifónica de Sada, Coral Polifónica de Pontedeume y Coral Polifónica de Betanzos.

21 de marzo: Fiesta de la primavera. Pasacalles a cargo de la Tuna Universitaria de Ferrol y reparto de claveles a las damas.

7 de abril: Pregón de Semana Santa pronunciado por la Ilma. Sra. Dña Carmen Parrilla García, Directora del Dpto. de Filoloxía Española y Latina de la Universidad de A Coruña y Concierto de Música Sacra por la Coral Polifónica de Betanzos.

8 de abril: Concierto de Música Sacra de la Coral en el Iglesia de Mugarodos, con la participación de la Orquesta de Cámara Carabela de Pontedeume.

13 de abril: Canto del *Stabat Mater* de Nanini por la Coral, en la Iglesia de San Francisco de Betanzos, al finalizar la procesión de *Os Caladiños*.

21 de abril: Misa cantada en el Novo Templo de Sanxenxo.

21 de abril: Concierto en el Novo Templo de Sanxenxo con motivo del ciclo de música coral *Galicia nos sentidos*, organizado por la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia.

17 de mayo: Concierto con motivo *das Letras Galegas* en el Aula Municipal de Cultura de Betanzos.

9 de junio: Visita de los Socios de la Coral a los museos y tejado de la Catedral de Santiago de Compostela y Misa cantada por la Coral en la Catedral.

23 de junio: Concierto en el Palacio Real de Mafra (Portugal), como intercambio con el Grupo Coral de esa localidad.

24 de junio: Misa cantada en la Basílica del Palacio Real de Mafra (Portugal).

7 de julio: Participación de la Coral en el «IV Festival de la Canción Mariñana» en el Grupo Escolar de Neda. Actuaron también la Coral de Ortigueira, Coral *O Pote* de Maniños y Agrupación Musical Lucero del Alba de Neda.

14 y 15 de julio: Excursión a Cantabria para Socios y acompañantes. Se visitaron:

Ribadesella, San Vicente de la Barquera, Comillas, Santander, Parque de Cabárceno, Santillana del Mar y Cudillero.

15 de julio: Misa cantada por algunos componentes de la Coral en la Basílica de Santillana del Mar.

29 de julio: Concierto en el Aula del Patronato de Cultura de Órdenes, con motivo de la Semana Cultural de las Fiestas Patronales. También participó la Coral de Santa Cruz de Montaos.

5 de agosto: Misa cantada por la Coral en la Iglesia de San Francisco de Betanzos con motivo de una boda.

13 de agosto: Concierto «Ciudad de Betanzos» en la Iglesia de San Francisco, con la participación de la Agrupación Musical Carlos Seijo, la Banda Municipal de Música de Betanzos y la Coral Polifónica de Betanzos.

15 de agosto: Misa cantada en la Iglesia de Santa María, con motivo de la festividad de la copatrona de Betanzos.

16 de agosto: Misa cantada en la Iglesia de Santo Domingo de Betanzos, con motivo de la festividad de San Roque, patrono de la ciudad, y la función del voto.

19 de agosto: Misa cantada en la Iglesia de Santiago de Betanzos con motivo de una boda.

2 de septiembre: Jira a los Caneiros de los Socios de la Coral y acompañantes.

7 de septiembre: Misa cantada en el Santuario de Nuestra Señora del Camino de Betanzos, con motivo de la finalización de la novena de Nuestra Sra. de los Remedios.

15 de septiembre: Excursión a las Islas Cies de los Componentes y Socios de la Coral.

22 de septiembre: Misa de funeral cantada en la Iglesia de Piadela.

30 de septiembre: Misa cantada y retransmitida en directo desde los estudios de San Marcos de TVG.

12 de octubre: Misa cantada en la Iglesia de Santo Domingo de Betanzos con motivo de la festividad de la Virgen del Pilar, patrona de la Guardia Civil.

13 de octubre: Misa cantada en la Iglesia de Santiago de Betanzos con motivo de una boda.

13 de octubre: Misa cantada en la Iglesia de Santiago de Betanzos con motivo de una boda.

10 al 25 de noviembre: Celebración del XXXIII Festival Santa Cecilia, con la programación siguiente:

Publicación de las bases del XXVIII Concurso Literario Juvenil.

Día 11: Encuentro de Corales: Agrupación Musical Lucero del Alba de Neda y Coral Polifónica y Rondalla *O Castro* de Miño, en la Iglesia de San Francisco de Betanzos.

Día 18: Concierto de los Niños Cantores de la Orquesta Sinfónica de Galicia y Coro de la Sinfónica de Galicia, en la Iglesia de San Francisco de Betanzos.

Día 19: Proyección de la película «El Bosque Animado» en el cine Alfonsetti de Betanzos.

Día 20: Concierto de Piano a cargo de Francisco Hernández Díez, en el Aula Municipal de Cultura de Betanzos.

Día 22: Misa cantada por la Coral en la Iglesia de San Francisco de Betanzos, con motivo de la festividad de Santa Cecilia, patrona de la Música. Reunión de los componentes de la Coral en el Local Social para celebrar la fiesta.

Día 23: Inauguración de la Exposición de Taracea de José M. Rodríguez López en la Sala de Exposiciones del Liceo de Betanzos. Permaneció abierta hasta el día 2 de diciembre.

Día 23: Concierto de la Orquesta de Cámara Galega en el Aula Municipal de Cultura de Betanzos.

Día 24: Concierto del Grupo Cinco Siglos (Córdoba) en el Aula Municipal de Cultura de Betanzos.

Día 25: Comida de confraternidad de los componentes de la Coral y homenaje a Guillermo Ares Galán por su desinteresada colaboración.

Día 25: Clausura del Festival en el Aula de Cultura de Betanzos, con la entrega de premios a los ganadores del Concurso Literario y actuación del Coro Infantil Os Catiñoños de A Coruña. Presentó el acto Santiago Fernández.

17 de noviembre: Concierto de la Coral en la Iglesia de San Francisco de Betanzos, organizado por el Ayuntamiento con motivo del «II Congreso de pequeñas Ciudades Españolas». Participó también la Banda Municipal de Música de Betanzos.

24 de noviembre: Actuación de la Coral en la Iglesia de Pontedeume con motivo del Festival Santa Cecilia. También participaron las Corales de Miño, Sada y Pontedeume.

25 de noviembre: Misa cantada por la Coral y retransmitida en directo desde los estudios de San Marcos de TVG.

1 de diciembre: Fiesta del Magosto para los Socios de la Coral en el Local Social.

14 de diciembre: Actuación de la Coral en el Colegio Ntra. Sra. del Sagrado Corazón de Betanzos. Se repartieron obsequios a las niñas residentes.

22 de diciembre: Participación en «VII Festival de Panxoliñas» celebrado en el Auditorio Municipal de Ribadeo. Actuaron también el Orfeón Santa Cecilia de Caborana (Asturias), Coral Polifónica de Ribadeo y Coro del Colegio Sagrado Corazón de Ribadeo.

23 de diciembre: Concierto de villancicos en el Aula Municipal de Cultura de Betanzos, con la participación de la Coral Polifónica de la Sociedad *A Gaiteira* de A Coruña y la Coral Polifónica de Betanzos.

24 de diciembre: Misa de Nochebuena cantada por al Coral en la Iglesia MM. Agustinas de Betanzos.

30 de diciembre: Actuación en la Residencia de Ancianos de Betanzos. Entrega de obsequios a los residentes.

*Coral Polifónica de Betanzos*

---

#### ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS E DE CONSUMO «LIAFAIL»

---

No ano 2001 convocouse a Xunta Xeral Extraordinaria para a elección da Presidenta e de

novo resultou elixida Carmen Prieto Rivera. A Xunta Directiva quedou constituída da seguinte maneira: Vicepresidenta, Esther Vázquez Bonome; Secretaria, Ana M<sup>a</sup> Vázquez Mosquera; Tesoreira, Alicia Erias López; Vocais, M<sup>a</sup> del Carmen Varela Díaz, M<sup>a</sup> José Estrada Pérez, Manuela Vázquez Centoira, M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Prieto, M<sup>a</sup> Jesús Roodríguez Otero, Mercedes García Fraga, Sara Teijo Blanco.

Ó longo do ano 2001 tiveron lugar as seguintes actividades:

Artísticas e culturais:

Taller de Tapicería, Taller de Restauración, Taller de Labores, Taller de bolillos, Taller de Manualidades, Obradoiro Infantil de Inglés.

Ademáis, como tódolos anos, tamén participamos na Feira Franca Medieval con un posto gastronómico e exhibición de taller de bolillos por parte dalgunhas das nosas socias

Conferencias:

Celebráronse diversas conferencias atendendo ós temas de actualidade e as demandas das nosas socias, contando cunha ampla participación. Unha delas foi «O Euro», na que se tratou de dar unha extensa información sobre a nova moeda., Pero tamén houbo outras que ofreceron gran interés, como «O Cancro», «A Encefalopatía Esponxiforme Bovina ou Mal das Vacas Tolas», «A Ergonomía e Fisioterapia».



Cursos:

Curso de Perfeccionamento da Lingua Galega, con título homologado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Curso de Cociña impartido en Betanzos e en Piadela.

Curso – Decoración de Beléns para os nenos.

Visitas culturais:

Viaxe a Fátima, en Portugal, asistindo á procesión da Nosa Señora de Fátima.

Viaxe a Samos, onde se puido admirar a beleza do Monasterio de Samos, As Chozas do Cebreiro, ademais de visitar Sarria, Portomarín.

Viaxe á Costa da Morte, onde nos deleitamos coa fermosura das paisaxes destes pobos, sin esquecernos do Santuario da Virxe da Barca.

Viaxe a Vilanova de Cerveira, que xa ven sendo un tópico na nosa Asociación, debido á gran demanda das nosas socias para así mercar cousas a bon precio, ademais de pasar unha xornada divertida.

Viaxe a Madrid, no que poidemos disfrutar tres días da grandiosidade da nosa capital, visitando museos, O Val dos Caídos, O Pazo Real, sendo tamén recibidas no Parlamento Nacional.

Viaxe a Viveiro, visitando a praia das Catedrales.

Xornadas:

« X Encontro UNAE », en Santiago de compostela, sobre temas relacionados co Consumo.

Confraternidade:

Cena – Aniversario no mes de febreiro e Cena – Fin de Curso no mes de xuño.

I «Chocolate con Churros», para reunir unha vez máis as nosas socias para que poidan pasar unha tarde compartida entre todas.

Servicios Sociais:

En Decembro, como en anos anteriores, levamos a cabo a Operación Quilo-Litro na que se recolectaron alimentos para doar ós anciáns do Asilo.

Varios:

Asistencia a divesos programas da T.V.G.

Festa Infantil de Navidad, na que os máis pequenos recibiron a Papá Noel.

Festa Infantil de Antroido, na que os nenos disfrutaron dunha tarde de ledicia.

II Concurso da Filloa, en colaboración con

outra Asociación, coa que se pretende recuperar antigas tradicións que na actualidade estanse a perder. Seguindo nesta mesma liña, realizouse un Magosto en novembro.

Lotería. Como tódolos anos puxemos á venda a lotería das «Mulleres Rurais» coa intención de repartir ilusión ás socias.

Festa « Fin de Ano » para celebra-lo fin de ano en compañía das nosas socias na que se degustaron productos típicos do nadal.

«Liafail»

---

## RADIO BETANZOS

### Principais programas emitidos durante o 2001

---

#### XANEIRO

Día 13.- *Disco Reservado* coa presenza de Mercedes Peón para presentar o seu disco Issue.

Día 22.- No programa *Déjame que te cuente* repasase a traxectoria biográfica e musical de Andrés Calamaro

Día 27.- *Disco Reservado* coa presenza do grupo betanceiro de rock metal Club V, para presentar a súa maqueta.

Día 29.- A cantante norteamericana Barbara Streisand é analizada no programa *Déjame que te cuente*.

#### FEBREIRO

Día 20.- Entrevista de profundidade ó alcalde Manuel Lagares, dentro do programa *Tal como eramos*, para tentar afondar en aspectos da súa biografía e personalidade.

Día 26.- Emisión dun monográfico sobre a música de Whitney Houston

#### MARZO

Día 10.- O programa *Disco Reservado* a visita do grupo de soul Vocal Secrets, para presentar as súas últimas cancións.

Día 19.- Emisión dun especial sobre Simon and Garfunkel

#### ABRIL

Día 2.- Emisión dun especial sobre o grupo REM.

Día 7.- *Disco Reservado* trae como invitadas ás compoñentes do grupo folk Ménades, que presentan en directo os seus últimos temas

Día 8.- Emisión do pregón da Semana Santa Brigantina 2001

Día 23.- Emisión dun programa especial divulgativo sobre a música do grupo The Doors.

Día 26.- Repaso á historia do grupo Simple Minds dentro do espazo semanal *Déjame que te cuente*

#### MAIO

Día 19.- O grupo de rock betanceiro Manolito y los Pan Resesos pasan por Disco Reservado para presentar as súas últimas gravacións

- Emisión de reportaxes especiais sobre a Festa Do Viño

#### XUÑO

Emisión da presentación do estudio crítico sobre a obra de Celestino L. Crespo a cargo de Concepción Delgado e Xesús Alonso Montero.

Día 9.- Miki Nervio & the Bluesmakers presentan en directo en *Disco Reservado* os temas de blues do seu último disco

Día 11.- Emisión de un especial sobre a figura de Elvis Presley

Día 18.- Emisión dun programa especial sobre a discografía do grupo Mocedades

Día 23.- Disco Reservado emite un especial do grupo de pop coruñés Lunática para presentar os seus últimos temas

Día 25.- Emisión dun especial sobre a figura de Alejandro Sanz.

#### XULLO

Entrevista ó alcalde de Paderne, Cesar Longo sobre a feira do Concello de Paderne.

Emisión de reportaxes para dar a coñecer as últimas novas do acontecido e da programación da IV Feira Medieval

Día 7.- Emisión do pregón da IV Feira Medieval a cargo da pegoira Olga Patiño.

Día 26 Conexións especiais para coñecer o desenrolo da I Semana Internacional de Cine adicada a José Luis Garci.

Día 27.- Emisión do coloquio e da clausura da I Semana Internacional de Cine de Betanzos.

Día 30.- Emisión dun monográfico sobre John Lee Hooker no programa *Déjame que te cuente*.

Varios programas especiais en colaboración con ACEBE, para difundir a campaña especial de verán, na que os comerciantes sortearon unha viaxe ó Caribe entre os seus clientes.

#### AGOSTO

Día 15.- Emisión do pregón das Festas de S. Roque 2001 a cargo do poeta Miguel Anxo Fernán Bello

Día 17.- Emisión da Función do Voto 2001.

#### SETEMBRO

Día 10.- Emisión dun especial sobre o grupo Bon Jovi no programa *Déjame que te cuente*.

Día 20.- Emisión dun programa especial sobre os actos de clausura dos Cursos de Verán de Gráfica 2001, coa inclusión no mesmo do concerto ofrecido polo Quinteto de Cámara de Músicos da Orquesta Sinfónica de Galicia

Día 24.- Repaso da traxectoria musical de Van Morrison no programa *Déjame que te cuente*.

Día 29.- O grupo de rhythm and blues Big Bottom Band visita *Disco Reservado* para presentar os temas do seu disco «In Blues We Trust»

#### OUTUBRO

Día 1.- Emisión da presentación do Anuario Brigantino 2000, realizada por Carmen Parrilla

Día 20.- O grupo de jazz, Mr Dixie Jazz Band presenta os seus últimos temas en Radio Betanzos

#### NOVEMBRO

Día 3.- O grupo de rock coruñés The Cads presenta a súa maqueta en *Disco Reservado*

Día 5.- Repaso da traxectoria musical de Isabel Pantoja no programa *Déjame que te cuente*.

Día 12.- Beach Boys protagonizan o monográfico do programa *Déjame que te cuente*.

Día 19.- Emisión dun programa especial sobre a biografía do grupo Queen.

#### DECEMBRO

Día 24.- Programa Especial de Noiteboa, coa realización de entrevistas a personalidades destacadas das asociacións e institucións betanceiras e das Mariñas, coa inclusión de chamadas de oíntes e a emisión da mensaxe de noiteboa do alcalde de Betanzos, Manuel Lagares.

*Radio Betanzos*

---

#### ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

14 de febreiro de 2001

---

A Asociación Cultural Eira Vella procedeu á elección da nova xunta directiva está quedou composta por Xabier López López como presidente, Xesús Torres como vicepresidente, Xosé Luis Sobrino como secretario, Antón Fafián como tesoureiro e como vocais Emma Couceiro, Mariña Longueira e Gabriela Rodríguez

15 de xuño de 2001.

Presentación da revista a Xanela, a mesma correu a cargo de Xesús Torres na Aula de Cultura



*Eduardo e José Luis Muñoz Vales.*

de Caixa Galicia. Tras un percorrido e unha breve explicación dos contidos do novo número produciuse unha actuación do grupo de soul coruñés Vocal Secrets integrado por Carmen Rey, Angeles Gómez e Silvia Lucky. Durante o concerto deste grupo produciuse a estrea en público do tema *Aló* composto e arranxado por



Carmen Rey letra tomada dun poema da escritora Rosalía de Castro.

1 ó 12 agosto de 2001.

Exposición Antolóxica dos irmáns José Luis e Eduardo Muñoz. Os artistas brigantinos espuxeron no primeiro andar do edificio Liceo unha mostra que recollía algúns dos seus traballos máis significativos da súa traxectoria como debuxantes no mundo do cartelismo, debuxo, caricaturas o humor gráfico e os retratos.

14 de decembro de 2001

Presentación do número 12 da Revista A Xanela na Aula Municipal de Cultura que rexistrou unha notable concurrencia de público. O acto contou coa actuación do cantante coruñés Juan Curiel que ofreceu un concerto baseado en temas de bossa nova e samba. Ademais programouse un recital con motivo do sexto aniversario de A Xanela, no mesmo participarían a principios do mes de xaneiro do 2002 os seguintes poetas: Emma Pedreira, Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Lucía Aldao, Estibaliz Espinosa, Diana Aradas, Gabriela Rodríguez e Xosé Luis Sobrino.

*Eira Vella*

---

#### ASOCIACION DE «AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR»

---

Durante el curso 2001-2002 esta asociación impartió los siguientes cursos:

Pintura al óleo impartida por D. Manuel Anido Somorrostro. Restauración, decoración y pintura en tela, impartido por D<sup>a</sup>. Ángeles Iglesias. Cocina, impartido por D<sup>a</sup>. Chona Sánchez Gómez. Bordado a mano impartido por D<sup>a</sup>. Pepita Fernández Sáez. Corte y confección, impartido por D<sup>a</sup>. Hortensia Francisco Maceiras. Bolillos impartido por D<sup>a</sup>. Carmen Tajés Sánchez. Taller de iniciación a la alfarería a mano (cerámica) impartido por D. Javier Meléndez, escultor y Ballet por D. Jesús Martínez Sierra.

ENERO

Día 10.- Pinchos y copa de cava para brindar por el nuevo año y milenio.

Día 24.- Charla de D<sup>a</sup>. Maria José Torres Giménez, que disertó sobre «O novo plan de xestión de residuos e recollida selectiva do lixo».

Día 31.- Visita a la fábrica de Zara y por la tarde al Planetario.



## FEBRERO

Día 14.- Conferencia de D. Antonio Lagares, veterinario, que nos habló sobre «Las vacas locas».

Día 22.- Celebración del «Jueves de Comadres» con una laconada.

Día 28.- A Santiago para visitar El Parlamento, comida y a la tarde visita a Padrón y la fábrica de piel «Melusa».

## MARZO

Día 7.- Viaje a Verín y Chaves.

Día 14.- Charla de D. Javier Barbeito, Quiropráctico, Quiromasagista, técnico especialista en Radiodiagnóstico y Kinesiólogo, que nos habló sobre «Dietética y nutrición».

Día 28.- Tuvo lugar la Asamblea General, donde se rindieron las cuentas del año.

## ABRIL

Día 18.- Charla sobre «El cuidado de la mujer» a cargo de D<sup>a</sup>. Juana Abruín Tubia, Directora de Distrito de Marcel Cluny.

Día 25.- Viaje a Ribadavia, visitando las Bodegas de Campo y un Monasterio.

## MAYO

Día 2.- Comida del «Día de la Madre» en restaurante Pasatiempo de Betanzos, con homenaje a nuestros mayores en la persona de una socia.

Día 9.- Viaje a Portugal, visitando Caminha y La Fortaleza en Valença do Miño.

Día 16.- Día de las «Letras Gallegas», en

colaboración con el Excmo. Ayuntamiento impartió una conferencia D<sup>a</sup>. Charo Castell en el Aula de Cultura, actuó a continuación el grupo de Pandereteiros de Caixa Galicia de esta Ciudad.

## JUNIO

Día 15.- En el Liceo, inauguración de la Exposición de los trabajos realizados por las socias en los distintos cursos. Cena para las alumnas y profesoras.

Día 23.- Romería de fin de curso, en Espenuca y celebración de la misa de campaña. a las 2 y media, comida en la carpa del restaurante la Paz de Espenuca. al final, baile.

Día 28.- Fin de curso del ballet. Aula de Cultura.

## OCTUBRE

Dieron comienzo las actividades del Curso 2001-2002, con los mismos cursos, profesores y horarios enumerados en el primer apartado de este resumen.

Día 10.- Charla sobre «¿Qué soluciones de futuro tiene la olvidada Ama de Casa?, que impartió D<sup>a</sup>. Paloma Ares Pascual, Directora del Ing. Nationale-Nederlanden de A Coruña, D. José Manuel Sánchez Fernández, Delegado de Betanzos y Cristina Bugallo Sánchez, en el local de Amas de Casa.

Día 24.- Viaje de promoción a Vivero.

## NOVIEMBRE

Día 5.- «Misa de Difuntos» por socias y familiares, en la iglesia de San Francisco.

Día 7.- Magosto en el Restaurant O Tío Pepe de Cerceda.

Día 21.- Conferencia de D<sup>a</sup>. Angela Trillo Díaz, Formadora del Tesoro Público, que nos habló sobre «Como tenemos que Aprender a utilizar el Euro».

Día 28.- Visita a la Fábrica de punto de Zara en Narón, después visita a Ferrol.

#### DICIEMBRE

Día 16.- En el Aula de Cultura y dentro de la Campaña de Navidad, se celebró el tradicional «Concurso de Villancicos», con premios en metálico para los grupos ganadores, todos los grupos de la Ciudad. Como cierre actuó la Orquesta Juvenil Albéniz de A Coruña.

Día 19.- Con motivo de la «Campaña de Navidad» y en colaboración con el Excmo. Ayuntamiento, tuvo lugar una conferencia sobre la NAVIDAD, impartida por el sacerdote D. Manuel Espiña Gamallo, igualmente en el Aula de Cultura, con gran afluencia de público al igual que en todos los actos celebrados durante el curso.

De esta forma, se cerraba un nuevo año de la historia de esta Asociación, comunicando que la cuota pasará a ser en «Euros», y deseando continuidad en los cursos, colaboración y un año nuevo lleno de paz y amor para todas.

*La Junta Directiva.*

---

#### «MANOS UNIDAS» DE BETANZOS

---

Como es habitual desde hace años en esta Ciudad, se han desarrollado actividades para ayudar a la campaña contra el hambre de «Manos Unidas» este año 2001: *Si quieres la paz defiende la justicia*. Betanzos ha puesto su granito de arena para ayudar a subvencionar un proyecto solicitado desde la República Democrática del Congo, concretamente en la zona de Mbanza-Ngungu, en la provincia del bajo Congo a unos 165 km. de *Kinshasa*, la capital.

Es una zona de difícil acceso por carretera, con cerca de 2 millones de habitantes que se dedican a la agricultura de subsistencia. Tiene una mortalidad elevada del 20%, debido sobre todo a la malnutrición, a las diarreas y a la malaria.

En esta comunidad existe una organización de mujeres campesinas que luchan contra el analfabetismo, la malnutrición y la pobreza.

La ayuda de «Manos Unidas» ha sido para la construcción de una porqueriza, compra de cerdos, material didáctico y productos veterinarios. *Las mujeres aportan el terreno y toda la mano de obra.*

La subvención total era de 1.950.000 ptas, como es natural Betanzos sólo no sería capaz de cubrir todos los gastos pero ayudar a cubrir una parte de los mismos sí, para lo cual con mucho optimismo un grupo de personas han confeccionado y llevado a la práctica el *Calendario de actividades* más o menos igual a años anteriores y que ha sido como sigue:

#### FEBRERO

Días 10 y 11.- Día Nacional de Manos Unidas en todas las misas se han realizado las colectas, en las que han respondido bien los fieles, esperando una mayor colaboración en los próximos años. Se han recaudado 295.441 ptas.

Día 19.- Venta de flores donadas por Flores Encarna de Adragonte en Plaza García Hermanos en la que el Excmo. Ayuntamiento nos ha colocado una caseta para tener además cuentos, camisetas, etc., han colaborado niños y niñas de preparación a la Confirmación, etc., recaudando 69.376 ptas.

#### MARZO

Día 2.- Festival en el *Aula de Cultura* en el que ha colaborado el Excmo. Ayuntamiento, junto con los presentadores, Miguel Díaz Pereira y Elena Calaza, así como el Ballet de Amas de Casa de esta Ciudad, infantiles y mayores, el Grupo de Viento Metal de la Banda Mpal. de Música, Iago Roel y Lucia Fraga a la guitarra con Elena Calaza, y el Grupo de Viento-Madera de la Banda, ha resultado muy bonito y solidario.

#### ABRIL

Días 24-30.- Rastrillo en la Sala de Exposiciones del Liceo en la que han colaborado *todos los comercios de esta Ciudad* y las Asociaciones de Amas de Casa y Rurais Liafail, así como el público que ha asistido y comprado teniendo mucho éxito al igual que en años anteriores.

## MAYO

Días 4-6.- Venta de filloas, camisetas y cuentos en la «Fiesta del Vino». Han colaborado Excmo. Ayuntamiento y la propia Comisión de la citada fiesta.

Día 11.- Festival en el Aula de Cultura, en la que han participado entre otros:

Juan Cortés Pereiro, Jesús Ramos, Vicente Blanco, Elena Calaza, David Pantín, el Grupo de As Garelas nos ha cedido al Grupo Xarelos de Bergondo que nos han interpretado, Pandeiradas, Muñeiras, etc. de forma fabulosa. dos grupos de la Banda Municipal de Música, maravillosos y de una interpretación magistral como es habitual costumbre. El grupo Azougue, etc.

Día 12.- Encuentro de Fútbol Sala entre los equipos de *Troula-Xolda* y *Roberto Artes Gráficas de Teixeira* (último partida de la liga en el Pabellón Mpal. de Betanzos. Se han sorteado entre otras cosas, un balón de fútbol firmado por los jugadores del *Deportivo de A Coruña*, que se ha quedado en Betanzos por ser el agraciado un niño de esta Ciudad.

## OCTUBRE

Día 26.- Un nuevo festival en el Aula de Cultura con participación de nuevo de componentes de la Banda Municipal de Música de esta Ciudad, niños y niñas de la Grande Obra de Atocha, Coro de Jubilados de la Caixa Galicia, Jesús Ramos, Elena Calaza, Miguel Díaz, etc, han colaborado para hacer realidad una vez más el sueño de «MANOS UNIDAS» de esta Ciudad de aportar un granito a los muchos problemas que tiene este Mundo que nos ha tocado vivir y en donde el reparto de bienes es muy desigual.

Mención especial merecen los alumnos del Instituto Francisco Aguiar de nuestra Ciudad, con su profesor, D. Luis Gorrochategui al frente que han recaudado 335.000 ptas.

Se ha superado el Millón de ptas.

Muchísimas gracias al Excmo. Ayuntamiento, en especial al Sr. Delegado de Cultura, que se vuelca en todo tipo de atenciones para hacer posible la realización de estas actividades, igual a todas las Agrupaciones, Asociaciones, Comerciantes y particulares en general

*Manos Unidas*

---

## ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (ACEBE)

O principal obxectivo da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Acebe, dende a súa creación hai máis de vinte anos, é favorecer e potenciar a actividade comercial na cidade. Sen embargo, no ano 2001, aínda sen perder de vista ese propósito básico, a directiva de Acebe, presidida por Mercedes Rosende Gabín, iniciou unha liña de actuacións non centrada de xeito exclusivo no sector do comercio.

«Betanzos debe observarse como un conxunto global: un lugar que ofrece múltiples posibilidades de ocio, culturais, turísticas, comerciais, deportivas, etc. Potenciar cada unha destas posibilidades é potenciar Betanzos». Esta é unha das máximas de Acebe e seguindo este principio básico a Asociación de Comerciantes estruturou a súa liña de traballo.

Así, realizáronse campañas como a de Nadal na que o propósito básico era atraer visitantes a Betanzos ofrecendo un aliciente novidoso: actividades lúdicas pensadas para os nenos, protagonistas indiscutibles das festas navideñas, ó tempo que se fixeron importantes aportacións á ambientación e á animación das rúas nesas datas.

A actividade de Acebe durante o ano 2001 centrouse en dous momentos concretos: xullo e decembro.

-Xullo de 2001: Comeza a campaña de verán de Acebe, orientada a premiar a fidelidade dos clientes que elixen Betanzos para realizar as súas compras e ós propios comerciantes asociados. O lema: «*Por elegirnos... te regalamos un viaxe al Caribe*». Os premios: para o cliente, unha viaxe de sete días ó Caribe para dúas persoas, e para o comerciante, unha viaxe de sete días a Palma de Mallorca tamén para dúas persoas. Nesta ocasión puxéronse en circulación máis de 30.000 boletos que foron entregados polos comercios ós seus clientes durante o mes de xullo.

-Decembro de 2001-Xaneiro de 2002: «La Carpa de la Ilusión» instálase en Betanzos. A Praza dos Irmáns García Naveira convértese no centro da diversión para os máis pequenos. Durante quince días a Carpa acolleu numerosas



Faraldo

### *Presentación da Campaña de Nadal*

actividades lúdicas, espectáculos diversos, xogos, talleres, inchables, pallasos, festas, etc. E, por primeira vez en Betanzos, os nenos tiveron a súa propia festa de Fin de Ano con cotillón e campanadas incluídas. Ó mesmo tempo, Papá Noël e Mamá Noël, xunto con patinadoras e malabaristas percorrían as principais rúas de Betanzos animando a betanceiros e turistas a participar das festas. Ademais, Acebe fixo a súa propia aportación na organización da Cabalgata de Reis, na que participaron varios malabaristas e pallasos que formaban parte do espectáculo de animación da Asociación.

Nesta ocasión o lema da campaña foi: «*Por elegirnos... te invitamos a la Carpa de la Ilusión*». Esta foi a campaña máis ambiciosa de Acebe

durante o ano 2001, na que por primeira vez se desprazou o interese comercial por un interese xeral no que o importante era o público, betanceiro e foráneo, comprador ou non comprador. Foi unha campaña que non perseguía o beneficio concreto do comercio asociado, senón un beneficio xeral de promoción da cidade, de situar a Betanzos como referente de diversión e de ocio na comarca e no entorno.

Por último, e tamén incluído na actividade que a Asociación desempeña na cidade, cómpre destacar a edición do periódico mensual *Betanzos e a súa Comarca* que o vindeiro mes de novembro de 2002 cumprirá dez anos, data na que está prevista a celebración de diversos actos conmemorativos.

*ACEBE*